



## Ourense

### Servizo de Recursos Humanos

De conformidade coas bases xerais de ingreso no Concello de Ourense, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local con data 8-09-2005, publícase a relación de aprobados que corresponden ás prazas de policía local ofertadas polo Concello de Ourense para o ano 2010:

- Don Adrián Gil González

Ourense, 15 de febreiro de 2018. A concelleira delegada de Recursos Humanos.

Asdo.: Flora Moure Iglesias.

### Servicio de Recursos Humanos

De conformidad con las bases generales de ingreso en el Ayuntamiento de Ourense, aprobadas por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en fecha 8-09-2005, se publica la relación de aprobados que corresponden a las plazas de policía local ofertadas por el Ayuntamiento de Ourense para el año 2010:

- Don Adrián Gil González

Ourense, 15 de febrero de 2018. La concejala delegada de Recursos Humanos.

Fdo.: Flora Moure Iglesias.

R. 622

## Ourense

### Servizo de Recursos Humanos

Por Decreto da Concillería de Recursos Humanos do 9 de febreiro de 2018 e n.º de rexistro 2018000850, foi nomeado policía local do Concello de Ourense o seguinte aspirante, que obtivo praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2010:

- Don Adrián Gil González

Ourense, 16 de febreiro de 2018. A concelleira delegada de Recursos Humanos.

Asdo.: Flora Moure Iglesias.

### Servicio de Recursos Humanos

Por Decreto de la Concejalía de Recursos Humanos de 9 de febrero de 2018 y n.º de registro 2018000850, fue nombrado policía local del Ayuntamiento de Ourense el siguiente aspirante, que obtuvo plaza correspondiente a la oferta de empleo público del año 2010:

- Don Adrián Gil González.

Ourense, 16 de febrero de 2018. La concejala delegada de Recursos Humanos.

Fdo.: Flora Moure Iglesias.

R. 623

## San Amaro

### Anuncio

Convocatoria de selección de persoal laboral temporal por concurso de méritos de tres peóns de servizos varios con cargo á subvención de empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense.

Modalidade de contratación: contrato laboral temporal por obra ou servizo a xornada parcial (6h/día) cunha duración aproximada de 5 meses.

As bases da convocatoria poderán obterse nas oficinas municipais ou a través do correo electrónico do concello (concello.de.sanamaro@eidolocal.es), sendo o prazo para a presentación de solicitudes de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP, de luns a venres en horario de 09.00 h a 14.00 horas.

San Amaro, 7 de febreiro de 2018. O alcalde.

Asdo.: Ernesto Pérez Fernández.

### Anuncio

Convocatoria de selección de personal laboral temporal por concurso de méritos de tres peones de servicios varios con cargo a la subvención de empleabilidad de la Diputación Provincial de Ourense.

Modalidad de contratación: contrato laboral temporal por obra o servicio a jornada parcial (6h/día) con una duración aproximada de 5 meses.

Las bases de la convocatoria podrán obtenerse en las oficinas municipales o a través del correo electrónico del ayuntamiento (concello.de.sanamaro@eidolocal.es), siendo el plazo para la presentación de solicitudes de cinco días hábiles contados desde el día siguiente al de la publicación de este edicto en el BOP, de lunes a viernes en horario de 09.00 h a 14.00 horas.

San Amaro, 7 de febrero de 2018. El alcalde.

Fdo.: Ernesto Pérez Fernández.

R. 463

## San Amaro

### Anuncio

Por Decreto da Alcaldía con data 7 de febreiro de 2018, referencia número 0023/2018, aprobáronse as seguintes bases "Bases para a selección de tres traballadores/as para o posto de peón de servizos varios (subvención empregabilidade Deputación):

#### 1. Obxecto do contrato

O obxecto destas bases é regular a contratación temporal de tres traballadores/as, coa categoría de peón de servizos varios para mantemento de infraestruturas de titularidade municipal, limpeza viaria, realización das tarefas de conservación, mantemento e limpeza da rede de sendeiros, camiños e zonas verdes do concello, limpeza de tubos, conducións, arquetas e instalacións similares, recollida de residuos en papeleiras e áreas de zonas verdes, limpeza de zonas verdes e tarefas de mantemento.

Entre os candidatos admitidos e non seleccionados farase unha bolsa de traballo ordenada pola puntuación obtida para a cobertura das vacantes que se produzan nos postos de traballo da mesma categoría profesional durante os cinco meses de duración do contrato por causa dalgunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT,
- outras causas semellantes xustificadas.

#### 2. Procedemento de selección

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos.

#### 3. Requisitos dos aspirantes

Serán requisitos imprescindibles:

- a) Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao



que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveña o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) Os requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da contratación.

g) As persoas con minusvalías serán admitidas en condicións de igualdade cos demais aspirantes, agás que a restrición padecida lles impida ou que resulte incompatible co desempeño das funcións propias da praza. A mesa examinará e resolverá motivadamente estas peticións.

#### 4. Duración

O contrato de traballo terá unha duración de 5 meses, a xornada parcial de 6h/día baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado. Ao abeiro do establecido no artigo 14 do Estatuto dos traballadores establécese un período de proba de 1 mes.

No caso das contratacións que se realicen ao longo do ano entre os candidatos que conformen a bolsa de traballo aplicárase a modalidade contractual laboral temporal que se adecúe a situación que se pretende cubrir -contrato por obra ou servizo determinado ou contrato de interinidade para a cobertura de baixas temporais-.

#### 5. Presentación de documentación

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, no Rexistro Xeral do Concello de San Amaro en horario de 9.00 h a 14.00

h, de luns a venres. Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante fax (n.º 988 401 430) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Se o último día é festivo ou sábado, o prazo finaliza o seguinte hábil. As solicitudes axustaranse ao modelo normalizado que se insire como Anexo I. No caso en que se opte por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais. Tamén neste caso se fará a comunicación por fax de acordo co previsto no apartado anterior.

#### 6. Documentación

A cada solicitude o/a candidato/a achegará a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.

b) Declaración de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das administracións públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Relación de méritos que alega e a documentación xustificativa e compulsada de cada un deles (acreditaranse por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que se presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que o órgano de selección considere que non estiveran suficientemente acreditados).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

A mesa valorará a documentación presentada por cada un dos/as candidatos/as. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas). En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

#### 7. Criterios de selección

Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos destes; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Os méritos que valorará o órgano de selección serán os seguintes:

a) Experiencia profesional (5,00 puntos máximo):

Experiencia profesional no sector público, privado ou como autónomo, con calquera das categorías de peón (forestal, limpeza....): 0,10 puntos/ mes.

Acreditárase mediante presentación da seguinte documentación:

a. Vida laboral.



b. Copia compulsada de contrato de traballo ou do certificado de empresa no que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado, categoría e a xornada.

c. Se os servizos se prestaron como traballador por conta propia, ademais da vida laboral, ha de entregar copia da alta no IAE/Declaración Censal, ou calquera outro documento oficial que acredite o sector no que traballou.

No caso de contradición entre o contrato e o informe de vida laboral en canto á categoría laboral, se estará ao grupo de cotización que figure no informe de vida laboral (10)

b) Entrevista persoal (1 puntos): na que se valorará a vinculación territorial do/a candidato/a co ámbito territorial e o coñecemento da realidade física do municipio onde se van desenvolver as tarefas relativas ao posto de traballo ofertado.

c) Pola categoría de oficial (2 puntos): acreditarase coa formación/titulación relativa á ocupación e/ou experiencia acreditada como oficial de alo menos 1 ano (vida laboral, contratos, certificados de empresa, outros; grupo de cotización 8 ou 9).

d) Proba práctica (2 puntos): os/as candidatos/as admitidos/as no procedemento de selección deberán realizar unha proba práctica obrigatoria sobre traballos relacionados co posto ofertado. O contido da proba será fixada polo órgano de selección.

## 8. Órgano de selección

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun presidente, dous vogais e un secretario -este último con voz e sen voto de conformidade co previsto no artigo 19 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público-, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico del empregado público. Segundo o recollido no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico del empregado público, na designación dos membros do órgano de selección tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O órgano de selección poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto. Os membros da mesa deberán absterse de intervir, notificándollo ao alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/a presidente/a do órgano de selección poderase requirir aos membros deste, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo. O órgano de selección non poderá actuar ou constituírse sen a presenza

polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O órgano de selección actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

## 9. Procedemento de selección

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, publicarase a lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios da casa do concello asinada pola Alcaldía, concedéndose un prazo de dous (2) días hábiles para a presentación de reclamacións ou corrección de erros (non para achegar novos méritos non alegados ata entón). A Alcaldía resolverá as reclamacións que se presenten, e elevará -se é o caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. Para a resolución das reclamacións, o alcalde poderá solicitarlle informe ao órgano de selección. O órgano de selección valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes.

Todas as notificacións que se realicen respecto a este procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios da casa do concello.

A mesa poderá requirir en calquera momento aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

O ditaminado pola mesa someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado segundo o establecido no artigo anterior.

A puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas por cada aspirante, sendo seleccionados os dous aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. En caso de empate terase en conta a maior puntuación obtida na proba práctica.

Previa a contratación os propostos deberán achegar certificado médico antes da sinatura do contrato, que acredite a non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño deste posto de traballo.

## 10. Bolsa de traballo

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, elaborárase unha lista de reserva, por orde de puntuación, e cando sexa necesario procederase aos correspondentes chamamentos, ofertándose ao primeiro da lista, dándolle un prazo de 24 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, así mesmo no caso de non aceptar ao chamamento procederase a chamar ao seguinte da lista.

## 11. Retribucións

O salario bruto mensual do/a traballador/a será de 1.001,88 €.

## 12. Contratación

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán contratados en virtude de Decreto da Alcaldía, sendo obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello.

## Recursos

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

San Amaro, 7 de febreiro de 2018. O alcalde.

(Ver anexo páx. 12)

# ANUNCIO E BASES OFERTA 3 PIONS SAN AMARO

12

Boletín Oficial Provincia de Ourense



n.º 46 Luns, 26 febreiro 2018

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS DE SERVIZOS VARIOS (SUBVENCIÓN EMPREGABILIDADE DEPUTACIÓN) POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS

#### I.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_ TELÉFONO MÓBIL \_\_\_\_\_

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS \_\_\_\_\_

CONCELLO/PROVINCIA \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_

#### EXPOÑO:

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- d) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha administración pública.

2º.- Que achego a seguinte documentación xustificativa da fase de concurso:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

#### SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

San Amaro, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SAN AMARO (OURENSE)

As citadas bases expóñense ao público para xeral coñecemento e para o efecto do disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, polo prazo de 10 días.

Documento asinado electronicamente na marxe.